

## EROTISMO

*Música: Rafa Crespo / Hector Ortín*

*Letra: Hector Ortín (inspirada en el poema  
"As Torres no ar" de Avilés de Taramancos)*

Bébote meu amor;  
como quen bebe un elixir:  
comezo polos ollos extasiados de prazer,  
e collo-os como quen alza un caliz.

Pola sebe que perfila o nariz  
percuero a breve fenda da túa boca,  
onde os escollos de neve dos teus dentes  
son ferrollos que aprisionan a língua

O mar se desata en temporal,  
e larga o amor ao desamparo.  
E logo da descarga  
Bebo aínda da luz que dá o teu faro

Tua língua, lanza leve  
que me ensancha a fondura do degaro

Logo xa, meu amor,  
xa non reparo e bebo enteiramente  
desde a illarga o sorvete de meles  
que sabe a mar, a mar embravecido

O mar se desata en temporal,  
e larga o amor ao desamparo.  
E logo da descarga  
Bebo aínda da luz que dá o teu faro

